


O demo Negro

Correctivo para finchados

ARMANDO REQUEIXO

Non é a presente a primeira vez que Carlos Negro amosa un ton acedo e inconformista nos seus escritos, de fonda denuncia social. Semellante imperiosa necesidade de arriscar faíscas críticas culmina agora coa publicación do volume que comentamos, *Abelcebú*, publicado por Positivas.

A ironía, a parodia e o sarcasmo son a argamasa conceptual dunha formulística irmandada naturalmente coa greguería de De la Serna, que no caso do galego suma ao emprego da metáfora e o humor o reactivo da crítica desapiadada contra a lacra da clase política e capitalista (“ilustrísimo gremio dos monarcas en exercicio”, “restrinxidísimo clube dos banqueiros multimillonarios”) e o seguidismo ovelheiro da masa social (ese pobo que “debería ser o que máis ordena, pero adoita ser o que mellor obedece”).



Ninguén se libra da brosa de verdugo de Negro, sempre diagonalizado na súa escrita, executor dun carnifício reflexivo onde quen máis quen menos acaba por ver espidas as súas vergonzas.

Por descontado, iso afecta tamén a comentaristas como o que isto asina, pois Negro encárgase de nos lembrar que o crítico non é senón “un cretino que glosa os defectos artísticos

alleos por incapacidade para cometelos na súa propia obra”. Mais o que non define o autor é que tipo de ser é o que, coma min agora, saúda con aplauso a obra literaria de valor. E el non terá de escribir unha segunda entrega deste seu glosario, traxicómico e corrosivo, Carlos Negro...?

NEGRO, Carlos, Abelcebú, Ed. Positivas, Santiago, 2010, PVP.18 €